

SÍNTESE GRAMATICAL



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Síntese gramatical 



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Síntese gramatical

Xesús M. Mosquera Carregal
Sara Pino Ramos

A Coruña, 2008

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións
Universidade da Coruña

ISBN: 978-84-9749-321-5
Depósito Legal: C 4131-2008

Síntese gramatical

O alfabeto	6
As regras de acentuación	8
O xénero	13
O número	17
O artigo	20
Os pronomes persoais	22
Os relativos	29
Os demostrativos	31
Os posesivos	36
Os indefinidos	39
Os interrogativos e exclamativos	43
Os numerais	44
O Verbo	47
As preposicións	103
Os adverbios	107
As conxuncións	111

Anexos

Táboa-resumo coas modificacións das <i>Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego</i>	118
Criterios lingüísticos adoptados polas universidades galegas	121
Escolma de ligazóns de interese	122
Emprego non-sexista da linguaxe	123
Referencias bibliográficas	124

Logo da publicación por parte deste servizo dos volumes *Criterios para o uso da lingua*, *Sobre a calidade da nosa lingua* e mais o *Manual de documentos administrativos*, ve agora a luz esta síntese gramatical que materializa unha das medidas aprobadas pola Comisión de Seguimento do Plano de Normalización Lingüística. Se cos tres volumes mencionados o grande obxectivo era contribuírmos “á homoxeneización, á actualización e á mellora da calidade dos escritos”, con este cuarto atendemos a aquelas outras cuestións que están na cerna do idioma, a aqueles aspectos máis salientables da gramática.

Pode parecer unha orde de publicación contraditoria, mais se estes tres primeiros títulos viñan cubrir unha necesidade –mesmo se podería falar dunha urxencia– como era a de dotar a UDC dun modelo de lingua, duns criterios lingüísticos e dun corpus documental homoxéneo e estandarizado, esta obra que agora presentamos pretende ser unha ferramenta básica de consulta que sirva para asentar os coñecementos nalgúns casos, para estimular o emprego da lingua galega noutros e para se converter, en definitiva, nunha obra de consulta rápida e sinxela que contribúa a que os membros da comunidade universitaria desenvolvamos en lingua galega a nosa práctica profesional e/ou investigadora.

Por se tratar dunha síntese, o tratamento de cada unha das epígrafes é intencionadamente esquemático e práctico. Non é esta unha obra dirixida a especialistas, senón un compendio que, integrado no modelo lingüístico xa ofrecido polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL), resulte accesible ao maior número de persoas. Trátase de achegar unha visión global da gramática galega que foxe, na medida do posible, dos contidos teóricos e das súas abstraccións. É por iso que tamén no xeito de presentar

a información se procurou primar a practicidade e o acceso directo á información. Alén das táboas e dos contidos fundamentais que as acompañan, preséntanse en dous niveis distintos, por unha banda, aquelas peculiaridades que se consideraron de maior interese e, pola outra, chamadas ou apuntamentos moi concretos, que mesmo en ocasións establecen o contraste directo co castelán.

Á súa vez, nos apéndices, presentamos unha táboa coas modificacións das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* aprobadas pola Real Academia Galega en 2003, os criterios lingüísticos adoptados polas tres universidades galegas co fin de harmonizaren os seus escritos, unha escolma de ligazóns de interese, algúns recursos para un emprego non-sexista da linguaxe e, por último, unha selección bibliográfica para quen quixer afondar nalgún dos aspectos abordados na presente obra.

Xa para rematar, queremos agradecerlle as súas suxestións, após a lectura do bosquexo desta síntese, a Xosé Ramón Freixeiro Mato, director do SNL naquel momento, e con quen sempre contamos para matizar esta ou outra cuestión. Agardamos que esta síntese gramatical sexa un instrumento útil e poida contribuír a consolidar as competencias en lingua galega de todas as persoas que empregaren ou tentaren empregar o noso idioma. Así mesmo, quedamos agradecidos de antemán por todos os comentarios e suxestións que se nos queiran facer chegar e que puideren melloralas en futuras edicións.

Os autores

O alfabeto

O alfabeto galego consta das seguintes 23 letras:

Letra	Nome	Pronuncia	Letra	Nome	Pronuncia
a	a	[a]	ñ	eñe	[ɲ]
b	be	[b]	o	o	[o] ou [ɔ]
c	ce	[θ]	p	pe	[p]
d	de	[d]	q	que	[k]
e	e	[e] ou [ɛ]	r	erre	[r] ou [r̄]
f	efe	[f]	s	ese	[s]
g	gue	[g]	t	te	[t]
h	hache	∅	u	u	[u]
i	i	[i]	v	uve	[b]
l	ele	[l]	x	xe	[ʃ] ou [ks]
m	eme	[m]	z	zeta	[θ]
n	ene	[n]			

A maiores, outras grafías presentes na ortografía da lingua son os denominados dígrafos, unión de dúas letras que representan un único son:

Dígrafo	Nome	Pronuncia
ch	ce hache	[tʃ]
gu	gue u	[g]
ll	ele duplo	[ʎ]
nh	ene hache	[ɲ]
qu	que u	[k]
rr	erre duplo	[r]

O nome das letras e dos dígrafos é masculino: *o de, o efe, o ele, o ce hache...*

Os dígrafos non se separan nunca ao final de liña.

**A innovación científica só é posible cunha boa dotación de recursos humanos e materiais*
A innovación científica só é posible cunha boa dotación de recursos humanos e materiais

As regras de acentuación

Podemos distinguir tres tipos de palabras polisílabas (de máis dunha sílaba) segundo a posición que ocupa nelas a sílaba tónica:

- a) Palabras oxítonas ou agudas, en que a sílaba tónica é a última (*pavillón*)
- b) Palabras paroxítonas ou graves, en que a sílaba tónica é a penúltima (*accésit*)
- c) Palabras proparoxítonas ou esdrúxulas, en que a sílaba tónica é a antepenúltima (*glícido*)

En determinados casos, como os dos exemplos anteriores, para sinalar cal é a sílaba tónica dentro dunha palabra emprégase o acento gráfico, que se coloca sobre a vogal desa sílaba tónica conforme ás seguintes regras:

- a) Palabras agudas

Levan acento gráfico cando rematan en **vogal, vogal + n, en vogal + s** ou **vogal + ns**.

alguén, carné, civís, doazón, extensións, rodapé, temperá

Non levan acento gráfico cando son monosílabas (constan dunha única sílaba) e cando acaban nun ditongo decrecente seguido ou non de **n** ou **s**.

ademais, colleu, el, fe, fluidez, min, papeis, si, ti, xa

- b) Palabras graves

Levan acento gráfico cando rematan nunha consoante distinta de **n** ou de **s**, ou en grupos consonánticos diferentes de **ns**, así como cando rematan nun ditongo decrecente.

carácter, clímax, factíbel, láser, móbil, responsábeis, tóner

c) Palabras esdrúxulas
Levan acento gráfico sempre.

amálgama, análise, biótopo, currículo, endócrino, réxime

d) Ora ben, se a sílaba tónica presenta un hiato formado polas vogais **i** ou **u** tónicas precedidas ou seguidas dunha vogal átona, con independencia das regras de acentuación que acabamos de ver colócase un acento gráfico sobre a vogal tónica para indicar que ambas pertencen a sílabas distintas.

aínda, constituír, contía, período saúde, saúde, súa, túa, xuízo

Grosso modo, cando concorren dúas vogais xuntas que pronunciamos dentro dunha mesma sílaba, unha das chamadas fortes (**a, e, o**) e outra das chamadas débiles (**i, u**), ou viceversa, o que temos é un ditongo, decrecente no primeiro caso (*aula*) e crecente no segundo (*laboratorio*). Tamén é posible un ditongo cando as dúas sexan débiles (*puido*).

Se esas dúas vogais que aparecen xuntas son pronunciadas en sílabas distintas están en hiato (*heroe, vicerreitoría...*).

ALGUNHAS PECULIARIDADES QUE CÓMPRE TERMOS EN CONTA

- As letras maiúsculas levan acento gráfico sempre que lles corresponder segundo as regras xerais de acentuación.

NOVA CONVOCATORIA DE CURSOS DE VERÁN

- Os pronomes demostrativos non levan acento gráfico.

O seu pedimento será resolto nun prazo de dous meses. Se transcórrer este sen comunicación pola nosa parte, aquel entenderase denegado

- Os pronomes interrogativos e exclamativos non levan acento gráfico.

Quen e como ha participar na elaboración dos novos graos da facultade?

- Os adverbios acabados en **-mente** non conservan o acento gráfico no lugar en que o leva o adxectivo a partir de que se forman; isto é, en galego non se acentúan.

comunmente, dificilmente, especificamente, validamente

- As formas verbais con pronomes enclíticos (que aparecen despois do verbo) compórtanse como unha soa palabra para os efectos da acentuación.

Fágolle chegar os meus máis sinceros parabéns

- A combinación verbo + 2ª forma do artigo tamén se comporta como unha soa palabra para os efectos da acentuación.

Se perde-la túa tarxeta universitaria debes chamar ao teléfono que figura no pé de páxina

- As formas verbais con acento gráfico diacrítico mantéñeno cando van seguidas dunha forma átona do pronome.

A autorización pertinente dáa o responsable desta área

- Os latinismos e as palabras ou expresións estranxeiras de uso habitual, mesmo se non estiveren plenamente adaptadas á nosa lingua, seguen as regras xerais de acentuación do galego.

béisbol, hándicap, iceberg, ídem, márketing, máster, párkinson, per cápita, quórum, slogan

- No entanto, se tivermos unha clara conciencia de que se trata de latinismos e estranxeirismos, podemos prescindir desta regra e manter integramente a grafía propia da súa lingua de procedencia; neste caso teremos que escribir a palabra ben en cursiva (texto mecanografado), ben “entre comiñas” ou subliñada (de escribirmos a man).

venia docendi, “*venia docendi*” ou *venia docendi*

Acento gráfico diacrítico

O acento gráfico con función diacrítica é aquel que nos permite distinguir palabras, polo xeral, pertencentes a diferentes categorías gramaticais que doutro xeito terían unha forma gráfica idéntica. Estas palabras diferéncianse, polo xeral, ben porque a vogal da sílaba tónica ten distinto timbre (a das palabras acentuadas é aberta, mentres que a das que non se acentúan é pechada), ben porque unha palabra é tónica (columna da esquerda) e a outra átona (columna da dereita).

á (a + a; subst.)	a (art.; pron. ps. átono; prep.)	máis (adv. e pron.)	mais (conx.)
ás (a + as; subst.)	as (art; pron.)	nó (subst.)	no (en + o)
bóla ('esfera')	bola ('peza de pan')	nós (pron. ps. tón.; subst.)	nos (en + os)
chá ('plana')	cha (che + a)	óso (do corpo)	oso (animal)
chás ('planas')	chas (che + as)	pé (do corpo)	pe (letra)
cómpre ('é necesario')	compre ('merque')	póla ('rama')	pola ('galiña nova'; por + a)
cómpren ('son necesarios')	compren ('merquen')	pór ('poñer')	por (prep.)
dá (IPres. e Imp. de <i>dar</i>)	da (de + a)	présa ('apuro')	presa ('prendida'; 'presada'; 'encoro')
dás (IPres. de <i>dar</i>)	das (de + as)	sé ('sede eclesiástica'; Imp. de <i>ser</i>)	se (conx.)
dó ('compaixón'; 'nota musical')	do (de + o)	só (adv. e adx.)	so (prep.)
é (IPres. de <i>ser</i>)	e (conx.)	té ('infusión')	te (pron. ps. átono)
fóra (adv.)	fora (Antepret. de <i>ser e ir</i>)	vés (IPres. de <i>vir</i>)	ves (IPres. de <i>ver</i>)
má ('ruín')	ma (me + a)	vén (IPres. e Imp. de <i>vir</i>)	ven (IPres. de <i>ver</i>)
más ('ruíns')	mas (me + as)	vós (pron. ps. tón.)	vos (pron. ps. átono)

O xénero

O feminino de substantivos e adxectivos fórmase coa terminación **-a**, que se lle engade directamente á forma do masculino cando esta remata en consoante ou en vogal tónica.

viceireitor, viceireitora; avó, avoa

Cando a vogal final do masculino é **-e** ou **-o** átonos, substitúese por un **-a**.

mestre, mestra; financeiro, financeira

Alén desta norma principal, podemos establecer outros casos:

a) Substantivos e adxectivos rematados en **-n**

Os substantivos e adxectivos que rematan en **-án** forman o feminino en **-á**, agás cando se trata de substantivos ou adxectivos pexorativos, que o fan en **-ana**.

*bergantiñán, bergantiñá; ancián, anciá
folgazán, folgazana; lerchán, lerchana*

Con todo, *barregán, insán, livián, malsán, marrán, nugallán, rufián, truán, van* e *vilán* forman o feminino en **-á** (*barregá, insá, liviá, malsá, nugallá, rufiá, truá, va* e *vilá*).

Rematado en **-én**, o único substantivo existente é *refén* e é invariable.

un refén británico, unha refén británica

Os substantivos e adxectivos terminados en **-ín** fan o feminino en **-ina**. A única excepción é o adxectivo *ruín* que é invariable.

bailarín, bailarina; galopín, galopina
un programa ruín, unha análise ruín

Os substantivos e adxectivos rematados en **-ón** forman o feminino en **-oa**, agás aqueles que actúan como caracterizadores aumentativos ou pexorativos, que o forman en **-ona**.

bretón, bretoa; campión, campioa
faltón, faltona; abusón, abusona

Finalmente, os adxectivos que rematan en **-ún** forman o feminino en **-úa**, a non ser *euscaldún*, cuxo feminino é *euscalduna*, e mais o adxectivo *común*, que é invariable.

vacún, vacúa; cervún, cervúa

b) Substantivos e adxectivos que acaban en vogal ou ditongo tónicos

Nin substantivos nin adxectivos teñen un comportamento único, senón que apenas se pode falar de tendencias: os substantivos tenden a engadir un **-a** e os adxectivos tenden a ser invariables.

avó nepalí, avoa nepalí

Con todo, tamén hai exemplos no sentido contrario: substantivos que non varían e adxectivos que si flexionan.

un chimpancé, unha chimpancé
nu, núa; cru, crúa

Presentan características morfolóxicas especiais *grou, grúa; sandeu, sandía e xudeu, xudía*.

En ocasións o uso vai provocando que aparezan casos en que si se marca a variación xenérica (*presidenta, xerenta...*), acordes, ademais, cos principios da linguaxe non-discriminatoria.

c) Substantivos e adxectivos rematados en **-és**

Forman o feminino en **-esa**, agás se son invariables, como é o caso do adxectivo *cortés*.

portugués, portuguesa; montañés, montañesa

d) Outros casos

Hai algúns substantivos que forman o feminino dun xeito especial sobre a base léxica do masculino, como é o caso de *abade/abadesa, galo/galiña, heroe/heroína...* E outros cuxas formas masculina e feminina non comparten a mesma base léxica, como ocorre con *home/muller, xenro/nora, carneiro/ovella...*

ALGUNHAS PECULIARIDADES QUE CÓMPRE TERMOS EN CONTA

- O nome das letras e os dígrafos é masculino: *o a, o efe, o ese, o xe, o ele duplo...*
- En contraposición ao castelán, teñen xénero masculino os seguintes substantivos: *o cal, o cárcere, o costume, o couce, o cume, o cuspe, o fel, o labor, o legume, o leite, o massacre, o mel, o nariz, o riso, o sal, o sinal, o xiz...* E teñen xénero feminino: *a árbore, a arte, a canle, a calor, a cor, a dor, a fraude, a orde, a orixe, a ponte, a reuma, a síndrome, a suor...*
- Son femininas as palabras cultas de orixe grega rematadas en **-se** e **-te**: *a análise, a crise...; a amigdalite, a peritonite...*
- As palabras rematadas en **-axe** son todas femininas (*a mostraxe, a paisaxe...*) agás *garaxe, paxe* e *traxe*. *Personaxe* admite os dous xéneros.

O xénero dos determinantes nunca varía por cuestións de fonética sintáctica ou posibles cacofonías: *a acta, a auga, a aula...*

O número

a) As palabras que rematan en vogal ou en ditongo forman o plural engadindo **-s**.

lei, leis; relatorio, relatorios; selo, selos; tirizó, tirizós

b) As palabras que rematan en **-r** ou en **-z** forman o plural engadindo **-es**.

cerviz; cervices; líder, líderes; luz, luces

c) Palabras que rematan en **-s** e **-x** (pronunciado [ks]):

- As palabras rematadas en **-s** que son agudas forman o plural engadindo **-es**, agás aquelas que acaban en grupo consonántico, que son invariables.

compás, compases; envés, enveses; o fórceps, os fórceps

- As palabras rematadas en **-s** que son graves ou esdrúxulas son invariables.

o afialapis, os afialapis; o mércores, os mércores; o oasis, os oasis

- As palabras rematadas en **-x** (pronunciado [ks]) son invariables.

o fax, os fax; unha prenda unisex, unhas prendas unisex; o tórax, os tórax

d) As palabras que rematan en **-n** engaden **-s**.

alcatrán, alcatráns; dolmen, dolmens; mitin, mitíns

e) Palabras que rematan en **-l**:

- As palabras rematadas en **-l** que son monosílabas engaden **-es**.

pel, peles; mil, miles; sal, sales; sol, soles

- As palabras rematadas en **-l** que son polisílabas agudas mudan o l polo morfema **-is**.

cartel, carteis; control, controis; dixital, dixitais

- As palabras rematadas en **-l** que son polisílabas graves forman o plural engadindo **-es**, agás aquelas que rematan en **-bel**, que fan o plural en **-beis**.

solúbel, solúbeis; fútil, fútiles; téxtil, téxtiles; túnel, túneles

f) Os estranxeirismos forman o plural engadindo **-s**, a non ser que se coñeza e se queira representar o plural que lles corresponda na súa lingua de orixe.

hippy, hippys ou hippies; leitmotiv, leitmotivs ou leitmotive; póster, pósteres ou pósters; spray, sprays

O plural das palabras compostas

a) Se os dous elementos están soldados nunha única palabra, forman o plural como o segundo elemento:

viandante, viandantes

b) Se o segundo elemento é un monosílabo rematado en **-l**, forman o plural engadindo **-es**.

cartafof, cartafofes

c) Se o segundo elemento xa está en plural, son invariables:

o gardamontes, os gardamontes

d) Se os dous elementos se escriben separados, cada un deles forma o plural como lle corresponde segundo as regras de formación do plural antes enunciadas:

garda civil, gardas civís

- Con todo, as secuencias substantivo + substantivo en que o segundo actúa como se fose un adxectivo forman o plural flexionando só o primeiro elemento:

escola obradoiro, escolas obradoiro

- O mesmo ocorre nas secuencias substantivo + preposición + substantivo, que forman o plural flexionando só o primeiro elemento:

cabaliño do demo, cabaliños do demo

O artigo

As formas do artigo son:

	Masculino	Feminino
Singular	o	a
Plural	os	as

O cadro de contraccións coas preposicións é o seguinte:

	O	Os	A	As
A	ao (ó)	aos (ós)	á	ás
Con	co	cos	coa	coas
De	do	dos	da	das
En	no	nos	na	nas
Por	polo	polos	pola	polas

A denominada segunda forma do artigo (**lo, la, los, las**) só é obrigatorio representala na escrita despois da preposición **por** e mais o adverbio interrogativo **u** ('onde').

*Envíamo polo correo electrónico que ha chegar antes
U-los informes que vos presentei onte?*

Nos restantes casos (despois de formas verbais rematadas en **-r** ou **-s**, despois dos pronomes **nós** e **vós...**) a súa representación na escrita é opcional. Así e todo, represéntese ou non na escrita, a única pronuncia correcta e máis recomendable é aquela que reproduce a segunda forma do artigo nos contextos sinalados.

Usos específicos do artigo determinado

- De regra acompaña os pronomes posesivos, cos cales concorda en xénero e número: *os teus exames, a túa opinión...*

Excepto:

- Cando o posesivo antecede un nome de parentesco, caso en que a presenza do artigo é optativa en función do grao de proximidade (a maior proximidade, menor tendencia de empregalo): *meu pai, o meu tío/meu tío...*
- En oracións exclamativas, con vocativos ou con títulos de dignidade: *Meu santo! Quen vos fixo iso?*
- Cando vai acompañado doutro determinante: *esas túas resolucións, ese meu traballo de investigación...*
 - É frecuente como membro constituínte de topónimos: *A Coruña, O Portiño, As Pías...*

Adoita estar presente en locucións adverbiais cando estas comezan por preposición: *ás veces, ás escuras, ao chou, ao revés...*

Cos topónimos que presentan artigo sempre se debe marcar a contracción entre o artigo e as preposicións.

Pasou pola Coruña e aínda impartiu unhas cantas conferencias

Os pronomes persoais

Os pronomes persoais serven para substituír substantivos e sintagmas nominais referidos a persoas ou obxectos. Dentro deles distínguense dous tipos de formas segundo teñan ou non acento propio, o que determina as funcións que poden desenvolver na oración:

a) Formas tónicas (con letra redonda nos cadros): teñen acento propio e autonomía funcional; poden ser suxeito (*Eles presentaron as súas demandas e nós escoitámolas*), termo de preposición (*Esquecéronse de vós ao marcaren os horarios*) ou termo das conxuncións comparativas **ca** e **coma** (*Escribe tan rápido coma min e menos ca el*).

b) Formas átonas (con letra cursiva nos cadros): carecen de acento propio e non teñen autonomía, polo que se apoian no verbo e van soldadas a el cando aparecen en posición enclítica (despois do verbo); funcionan como obxecto directo (*Agardámosvos no salón de actos*) ou obxecto indirecto (*Quere que lle traías o formulario que che pediu*).

Singular

	P1	P2	P3
Suxeito (Nominativo)	eu	ti	el, ela
OD (Acusativo)	<i>me</i>	<i>te</i>	<i>o, a</i>
OI (Dativo)		<i>che</i>	<i>lle</i>
Termo de preposición e comparación	min	ti	el, ela
Formas ligadas	comigo	contigo	consigo
Formas reflexivas	min <i>me</i>	ti <i>te</i>	si consigo <i>se</i>

Plural

	P1	P2	P3
Suxeito (Nominativo)	nós	vós	eles, elas
OD (Acusativo)	<i>nos</i>	<i>vos</i>	<i>os, as</i>
OI (Dativo)			<i>lles</i>
Termo de preposición e comparación	nós	vós	eles, elas
Formas ligadas	<i>connosco</i>	<i>convosco</i>	<i>consigo</i>
Formas reflexivas	nós <i>nos</i>	vós <i>vos</i>	si consigo <i>se</i>

ALGUNHAS PECULIARIDADES QUE CÓMPRE TERMOS EN CONTA

- O pronome persoal átono de P3 con función de OD **o(s)**, **a(s)** posúe dúas variantes combinatorias.

a) As formas **lo(s)**, **la(s)** empréganse cando o pronome aparece enclítico ben a unha forma verbal conxugada que remate en **-r** ou **-s**, ben a unha forma pronominal que remate en **-s**, ben ao adverbio **u**.

*O xustificante de recepción tes que asinalo
A guía preparámola entrambas as dúas
O papel coas extensións, ulo?*

b) As formas **no(s)**, **na(s)** empréganse cando o pronome aparece enclítico a unha forma verbal conxugada que remate en ditongo.

A acta redactouna segundo o modelo que nos deches

Cadro das concorrencias dos pronomes de dativo cos de acusativo de terceira persoa:

	O	A	Os	As
Me	mo	ma	mos	mas
Che	cho	cha	chos	chas
Lle	llo	lla	llos	llas
Nos	nolo	nola	nolos	nolas
Vos	volo	vola	volos	volas
Lles	llelo	llela	llelos	llelas

Regras de colocación dos pronomes persoais átonos

- De regra, os pronomes persoais átonos sitúanse despois do verbo en galego:

*Mercullo ao provedor habitual da casa
Díxoche algo a respecto do novo convenio?
Vai buscalo ao laboratorio ou perdémolo sen remedio*

- Agora ben, hai algúns casos en que aparece antes do verbo:

- a) Cando a oración é negativa ou vai introducida por conxuncións, adverbios ou pronomes indefinidos de significado negativo.

*Non lle aplicou a cor que eu quería
Nin lle colleu ese nin o outro dos libros que lle pedira
Nunca os vira tan mal organizados
Ninguén lle comentara nada sobre aquel asunto*

- b) Cando a oración expresa un desexo.

Oxalá che vaia ben na túa xira polas facultades...

- c) Nas oracións interrogativas e exclamativas encabezadas por pronomes interrogativos e exclamativos.

*Onde os puxeches?
Como pesa esta caixa que nos mandaron!*

d) Nas proposicións introducidas por unha conxunción subordinante:

*Vouche ensinar o que pode facer o AutoCAD
Esta materia foi daquela cando a comezamos a impartir no departamento
Se me deixases falar, non discutiríamos tanto*

e) Cando o verbo vai precedido de determinados adverbios como **aínda, ata/até, ben, case, disque, igual, máis, moito, seica, talvez, tamén, só, xa** etc.

*Xa te entendo, ten que informar a directora
Disque se celebrará un congreso sobre este tema a semana que vén*

f) Cando o verbo vai precedido de determinados indefinidos como **algo, alguén, todo, bastante, ambos** etc.

*Algo me comentou dos cursos da Área de Deportes
Bastante nolo avisaron a través das listaxes de distribución
Ambos a viron polos corredores da facultade*

Colocación dos pronomes persoais átonos coas perífrases verbais

- Nas oracións afirmativas:

- a) Despois do verbo auxiliar: *Téñocho que dicir*
- b) Antes do verbo auxiliado: *Teño que cho dicir*
- c) Despois do verbo auxiliado: *Teño que dicircho*

- Nas oracións negativas:

- a) Antes do verbo auxiliar: *Non cho teño que dicir*
- b) Antes do verbo auxiliado: *Non teño que cho dicir*
- c) Despois de verbo auxiliado: *Non teño que dicircho*

A colocación do pronome antes do verbo auxiliado é considerada a máis xenuína.

Un pronome persoal átono nunca debe aparecer ao comezo dun enunciado.

**Me dixó que non se encargaban eles*
Díxome que non se encargaban eles

Os relativos

Os pronomes relativos caracterízanse por relacionaren dous ou máis elementos da oración que poderían aparecer expresados en oracións independentes. Non teñen significado propio, senón que o toman da palabra á cal se refiren (referente) e con que concordan en xénero e número.

Dentro dos pronomes relativos podemos distinguir dous tipos de formas segundo presentaren ou non variacións de xénero e número:

- Relativos variables: *o(s), (as) cal(es); canto(s), canta(s); cuxo(s), cuxa(s)*
- Relativos invariables: *que, quen, cando, como e onde*

*Falamos da importancia do coñecemento doutros idiomas, o cal nos levou a estoutro tema
Os representantes da nosa asociación solicitaron falar co reitor, cuxo criterio será decisivo
Trátase dunha investigación multidisciplinar en que participan distintos grupos da UDC
Naquela época foi cando se inauguraron as novas instalacións da facultade*

Cando o antecedente aparece expreso antes do relativo **que** introducido por preposición non é necesaria a presenza do artigo, malia ser moi común, polo seu carácter redundante.

As probas deportivas en que participa son do máis alto nivel

Quen é invariable (non existe unha forma *quenes) e só pode ir acompañado dunha forma verbal en singular cando é suxeito, agás se vai co verbo **ser** ou este é o verbo principal da oración composta.

**Quenes son eses que viñeron traernos o material de oficina que pediramos?*

Quen son eses que viñeron traernos o material de oficina que pediramos?

Foron eles quen chegaron tarde/Foron eles os que chegaron tarde

Os demostrativos

Os pronomes ou determinantes demostrativos empréganse para sinalarmos unha entidade e, asemade, achegarmos unha idea de distancia que pode referirse tanto ao espazo coma ao tempo ou a partes anteriores ou posteriores do noso discurso.

Proximidade	Número	Masculino	Feminino	Invariable
Aquí	Singular	este	esta	isto
	Plural	estes	estas	-----
Aí	Singular	ese	esa	iso
	Plural	eses	esas	-----
Alí	Singular	aquel	aquela	aquilo
	Plural	aqueles	aquelas	-----

Estas formas poden combinarse cos indefinidos **outro(s)**, **outra(s)** e dar lugar a novas formas demostrativas que se empregan para manifestarmos a escolla entre dous elementos que non teñen por que aparecer expresos.

	Outro(s), Outra(s)	
Este, Esta	estoutro	estoutra
Estes, Estas	estoutros	estoutras
Ese, Esa	esoutro	esoutra
Eses, Esas	esoutros	esoutras
Aquel, Aquela	aquehoutro	aquehoutra
Aqueles, Aquelas	aquehoutros	aquehoutras

*Entre esta e estoutra programación penso que debemos escoller a segunda
As máis sinxelas non son estas probas, senón aqueloutras que deseñaremos*

Malia estas seren as formas habituais, existen tamén as formas plenas, que son as únicas posibles para o neutro: *isto outro, iso outro, aquilo outro*.

Iso outro non se menciona na lexislación vixente

Os demostrativos e as súas combinacións cos indefinidos **outro(s)**, **outra(s)** contraen sempre coas preposicións **en** e **de**:

		Masculino	Feminino	Invariable
De	Sing.	deste, dese, daquel, destoutro, desoutro, daqueloutro	desta, desa, daquela, destoutra, desoutra, daqueloutra	disto, diso, daquilo, disto outro, diso outro, daquilo outro
	Pl.	destes, deses, daqueles, destoutros, desoutros, daqueloutros	destas, desas, daquelas, destoutras, desoutras, daqueloutras	-----
En	Sing.	neste, nese, naquel, nestoutro, nesoutro, naqueloutro	nesta, nesa, naquela, nestoutra, nesoutra, naqueloutra	nisto, niso, naquilo, nisto outro, niso outro, naquilo outro
	Pl.	nestes, neses, naqueles, nestoutros, nesoutros, naqueloutros	nestas, nesas, naquelas, nestoutras, nesoutras, naqueloutras	-----

Estas contraccións non se realizan cando a preposición non rexe o substantivo modificado polo demostrativo:

*De estas convocatorias se publicaren, sería unha gran sorpresa
En esoutras alegacións sendo formuladas, haberá que tomar unha decisión*

Usos e valores especiais dos demostrativos

O demostrativo **aquel(a)** pode usarse con valor substantivo como palabra comodín con distintos significados segundo o contexto.

*Co aquel (= motivo, pretexto) da folga suspendéronse as clases
Ten moita aquela (= arte, habilidade, astucia) para a investigación*

Desta maneira chegan a empregarse formas verbais derivadas como *aquelar, aqueloutrar, desaquelar* ou *desaqueloutrar*.

*Agora mesmo aquelas (= ordenas, arranxas) estes expedientes
Non sei por que anda tan desaquelado (= preocupado, pensativo, tristeiro)*

- A contracción **daquela**, por unha banda, pode ter valor adverbial e equivaler a ‘entón’, ‘naquel momento’:

Tamén daquela o departamento contaba con menos medios

Pola outra, pode ter valor de conxunción consecutiva e equivaler a ‘por tanto’, ‘xa que logo’.

Se é así como ti dis, daquela non hai perigo de exclusión para os discapacitados

- As contraccións **nisto, niso, naquilo, nestas e nesas**, e a locución **con estas** empréganse con valor adverbial co significado de ‘entón’, ‘nese momento’, ‘nese mesmo momento’, ‘no mesmo instante’, ‘de repente’ etc.

*Nisto foise a luz e quedamos sen acabar o experimento
Nestas que vou por unha auga á máquina e chámame por teléfono
E con estas colleu e enviou os seus datos por fax*

As formas **isto**, **iso** e **aquilo** son as únicas formas normativas do demostrativo invariable singular.

**Aquelos que fora aprobado pola Xunta de Escola será proximamente modificado
Aquilo que fora aprobado pola Xunta de Escola será proximamente modificado*

Elo é en galego un substantivo masculino que significa ‘aro ou anel dunha cadea’; no seu lugar debemos empregar **isto** ou **iso**.

**Con elo conseguimos mellorar o rendemento do proceso
Con isto/iso conseguimos mellorar o rendemento do proceso*

Os posesivos

Os pronomes ou determinantes posesivos expresan unha idea de posesión ou pertenza en sentido amplo.

		Singular		Plural	
		Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
Singular	P1	[o] meu	[a] miña	[os] meus	[as] miñas
	P2	[o] teu	[a] túa	[os] teus	[as] túas
	P3	[o] seu	[a] súa	[os] seus	[as] súas
Plural	P1	[o] noso	[a] nosa	[os] nosos	[as] nosas
	P2	[o] voso	[a] vosa	[os] vosos	[as] vosas
	P3	[o] seu	[a] súa	[os] seus	[as] súas

De regra as formas do posesivo van acompañados polo artigo determinado, agás nos seguintes casos:

- Nos vocativos.

*Eles, meus amigos, non entregaron a declaración xurada que se lles pedía
Dicía, meu compañeiro, que os horarios están ben postos*

- Con nomes de parentesco, non sendo que se trate de varios posuídores, pois neste caso é de regra o artigo.

*Miña muller marchou facer uns recados
Non che é de súa irmá, que é seu
*Nosos avós e *nosos curmáns saíron xuntos
Os nosos avós e os nosos curmáns saíron xuntos*

- Con fórmulas de tratamento de respecto como *Súa Maxestade, Súa Ilustrísima, Súa Excelencia, Noso Señor, Nosa Señora* etc.
- Con algunhas expresións fixadas como *meu dito, meu feito; por meu mal; a meu parecer, a meu entender, a seu favor* etc.

ALGUNHAS PECULIARIDADES QUE CÓMPRE TERMOS EN CONTA

- As formas masculinas singulares do posesivo precedidas da preposición **de** constitúen expresións fixadas que serven para expresarmos ben propiedade exclusiva, ben que unha característica se posúe pola propia natureza, ben que algo se move polos seus propios medios.

	Singular	Plural
P1	de meu	de noso
P2	de teu	de voso
P3	de seu	de seu

Devólveme o bolígrafo e mais o corrector, se fas o favor, que che son de meu
As bolsas que outorgamos daquela eran de noso, pagabámolas nós
As persoas solicitantes non coñecen o procedemento de seu, hai que explicárllelo

- As formas do posesivo de P3 poden combinarse co indefinido **cada** para dar lugar a novas formas posesivas con valor distributivo.

	Masculino	Feminino
Singular	cadanseu	cadansúa
Plural	cadanseus	cadansúas

Colleron cadanseus escritos e foron engadirilles a información que faltaba neles
O día que foron ao laboratorio Sabela e Branca volveron con cadansúas batas sucias

Os indefinidos

Os determinantes e pronomes indefinidos son aqueles que serven para facer referencia ben a unha cantidade de modo impreciso (cuantificadores), ben a unha identidade de forma xenérica e/ou indeterminada (identificadores).

Cuantificadores

Variables	Invariables
uns, unhas	alguén
algún(s), algunha(s)	ninguén
ningún(s), ningunha(s)	algo
pouco(s), pouca(s)	nada
todo(s), toda(s)	ren/res
bastante(s)	máis
abondo(s), abonda(s)	menos
moito(s), moita(s)	cada (cal)
demasiado(s), demasiada(s)	senllos, senllas
tanto(s), tanta(s)	ben
varios, varias	
ambos, ambas	

Non se deben empregar os cuantificadores positivos **algún(s)**, **algunha(s)**, **alguén** e **algo** en oracións negativas.

*Non supón *gasto algún*

Non supón gasto ningún

Alguén e ninguén sempre están referidos a persoas, mentres que **algo, nada e res** ou **ren** sempre están referidos a obxectos ou entidades abstractas.

*Debeu entrar alguén e deixar esquecido o seu móbil na sala de xuntas
Non respondeu ninguén o cuestionario de avaliación
Hai algo aí detrás da porta que non permite abri-la
Na reunión que tivemos non se tratou nada deste asunto que mencionas
Non queremos ren do que nos ofrecen na negociación*

Ambos e ambas esixen a presenza do artigo cando funcionan como determinantes:

*Visitaron os campus de Esteiro e Serantes ambos os directores do departamento de I+D de Navantia
Conseguimos un acordo de colaboración entre ambas as vicerreitorías*

Identificadores

Variables

un(s), unha(s)
 mesmo(s), mesma(s)
 outro(s), outra(s)
 o(s), a(s) demais
 o(s), a(s) mais
 propio(s), propia(s)
 certo(s), certa(s)
 moito(s), moita(s)
 determinado(s), determinada(s)
 tal, tales

Invariables

calquera
 quenquera
 cadaquén

Os identificadores **mesmo(s)**, **mesma(s)** non teñen valor anafórico.

*Fixo o balance do estado das obras e da execución *das mesmas*
Fixo o balance do estado das obras e da súa execución

Contraccións dos indefinidos coas preposición **en** e **de**:

	De	En
Un(s)	dun, dunha	nun, nunha
Unha(s)	duns, dunhas	nuns, nunhas
Algún(s)	dalgún, dalgunha	nalgún, nalgunha
Algunha(s)	dalgúns, dalgunhas	nalgúns, nalgunhas
Outro(s)	doutro, doutra	noutro, noutra
Outra(s)	doutros, doutras	noutros, noutras

Os cuantificadores indefinidos **un(s)**, **unha(s)** tamén contraen coa preposición **con** cando funcionan como determinantes, cando son pronomes só contraen coas preposicións **en** e **de**.

*Volveu cun orzamento que non era o que pedira
Con unha xa me abonda, non te preocupes*

Os interrogativos e exclamativos

Os pronomes interrogativos serven para preguntar directa ou indirectamente por unha identidade, mentres que os pronomes exclamativos empregámoslos para introducir enunciados que expresan admiración, énfase, sorpresa etc. de xeito directo ou indirecto. Dentro deles podemos distinguir dous tipos de formas segundo presenten variacións de xénero e/ou número ou non:

Interrogativos

- a) Interrogativos variables: *cal(es)*; *canto(s)*, *canta(s)*
- b) Interrogativos invariables: *que*, *quen*, *cando*, *como* e *onde*

*Cal dos vicerreitores vai acompañar a secretaria xeral?
Quen pediu a palabra para participar na rolda de intervencións?
Cando presentan a memoria do proxecto desenvolvido?*

Exclamativos

- a) Exclamativos variables: *canto(s)*, *canta(s)*
- b) Exclamativos invariables: *que*, *quen*, *como* e *onde*

*Cantos rapaciños viñeron visitar o campus hoxe!
Como apurou para organizalo todo!
Onde vai que non se convoca unha reunión do departamento!*

Os numerais

CARDINAIS

cero
 un, unha
 dous, dúas
 tres
 catro
 cinco
 seis
 sete
 oito
 nove
 dez
 once

 doce

 trece
 catorce
 quince
 dezaseis
 dezasete
 dezaioito
 dezanove
 vinte
 vinte e un; vinte e unha

ORDINAIS

 primeiro/a
 segundo/a
 terceiro/a
 cuarto/a
 quinto/a
 sexto/a
 sétimo/a
 oitavo/a
 noveno/a
 décimo/a
 décimo primeiro/a,
 undécimo/a
 décimo segundo/a,
 duodécimo/a
 décimo terceiro/a
 décimo cuarto/a
 décimo quinto/a
 décimo sexto/a
 décimo sétimo/a
 décimo oitavo/a
 décimo noveno/a
 vixésimo/a
 vixésimo primeiro/a

MULTIPLICATIVOS

 simple
 dobre; duplo/a
 triplo/a
 cuádruplo/a
 quádruplo/a
 séxtuplo/a
 séptuplo/a
 óctuplo/a
 nóñuplo/a
 décuplo/a

PARTITIVOS

 medio
 terzo; terza
 cuarto; cuarta parte
 quinto; quinta parte
 sexto; sexta parte
 sétimo; sétima parte
 oitavo; oitava parte
 noveno; novena parte
 décimo; décima parte
 onceavo/a

 doceavo/a

 treceavo/a
 catorceavo/a
 quinceavo/a
 dezaseisavo/a
 dezaseteavo/a
 dezaioitoavo/a
 dezanoveavo/a
 vinteavo/a
 vinte e unavo;
 vinte e unavo

CARDINAIS

trinta
 corenta
 cincuenta
 sesenta
 setenta
 oitenta
 noventa
 cen
 cento un; cento unha
 douscentos/duascentas
 trescentos/as
 catrocentos/as
 cincocentos/as, quiñentos/as
 seiscientos/as
 setecentos/as
 oitocentos/as
 novecentos/as
 mil
 millón
 billón

ORDINAIS

trixésimo/a
 cuadraxésimo/a
 quincuaxésimo/a
 sesaxésimo/a
 septuaxésimo/a
 octoxésimo/a
 nonaxésimo/a
 centésimo/a
 centésimo primeiro/a
 ducentésimo/a
 tricentésimo/a
 cuadrixentésimo/a
 quinxentésimo/a
 sexcentésimo/a
 septinxentésimo/a
 octinxentésimo/a
 noninxentésimo/a
 milésimo/a
 millonésimo/a
 billonésimo/a

MULTIPLICATIVOS

 céntuplo/a

PARTITIVOS

trintavo/a
 corentavo/a
 cincuentavo/a
 sesentavo/a
 setentavo/a
 oitentavo/a
 noventavo/a
 centésimo/a parte
 centésimo primeira parte
 ducentésima parte
 tricentésima parte
 cuadrixentésima parte
 quinxentésima parte
 sexcentésima parte
 septinxentésima parte
 octinxentésima parte
 noninxentésima parte
 milésima parte
 millonésima parte
 billonésima parte

Os numerais cardinais son cuantificadores definidos que indican de xeito preciso o número ou a cantidade dunha realidade contable.
 Os numerais ordinais indican propiamente a orde que ocupa un elemento nunha serie.
 Os numerais multiplicativos indican o número de veces que unha realidade contable contén outra menor.
 Os numerais partitivos indican fracción ou parte dun todo.

ALGUNHAS PECULIARIDADES QUE CÓMPRE TERMOS EN CONTA

- Os numerais **un** e **unha** contraen coas preposicións **con**, **de** e **en** cando acompañan un substantivo, e contraen con **de** e **en** cando o substitúen.

*Das sete propostas recibidas, nunha delas non houbo consenso para a súa aprobación
 Conformouse con unha das opcións que lle deron*

- A partir de **vinte e un**, **vinte e unha** en diante todas as combinacións dos numerais cardinais se escriben separadas.

O congreso terá lugar no salón de actos o día vinte e sete

- Nos numerais multiplicativos a partir de **11** emprégase o cardinal correspondente seguido da palabra **veces** (trece veces, vinte e dúas veces...).
- Nos numerais partitivos a partir de **100** empréganse as formas dos ordinais en feminino (centésima, ducentésima...), que poden ir seguidas do substantivo **parte**.
- Normalmente as cantidades exactas escríbense con cifras; no entanto, do 1 ao 9 o máis correcto é desenvolvelas na escrita.

**Apenas se matricularon 8 persoas neste curso de verán
 Apenas se matricularon oito persoas neste curso de verán*

O verbo

Verbos regulares

MODO INDICATIVO			
	1ª Conxugación: ANDAR	2ª Conxugación: VARRER	3ª Conxugación: PARTIR
PRESENTE			
eu ti el/ela nós vós eles/elas	ando andas anda andamos andades andan	varro varres varre varremos varredes varren	parto partes parte partimos partides parten
COPRETÉRITO			
eu ti el/ela nós vós eles/elas	andaba andabas andaba andabamos andabades andaban	varría varriás varría varriamos varriades varrían	partía partías partía partiamos partiades partían
PRETÉRITO			
eu ti el/ela nós vós eles/elas	andei andaches andou andamos andastes andaron	varrín varriches varreu varremos varrestes varreron	partín partiches partiu partimos partistes partiron

MODO INDICATIVO			
	1ª Conjugación: ANDAR	2ª Conjugación: VARRER	3ª Conjugación: PARTIR
ANTEPRETÉRITO			
eu ti el/ela nós vós eles/elas	andara andaras andara andaramos andarades andaran	varrera varreras varrera varreramos varrerades varrerán	partira partiras partira partiramos partirades partiran
FUTURO			
eu ti el/ela nós vós eles/elas	andarei andarás andarás andaremos andaredes andarán	varrerei varrerás varrerá varreremos varreredes varrerán	partirei partirás partirá partiremos partiredes partirán
POSPRETÉRITO			
eu ti el/ela nós vós eles/elas	andaría andarías andarías andariamos andariades andarían	varrería varrerías varrerías varreríamos varreríades varrerían	partiría partirías partirías partiríamos partiríades partirían

MODO SUBXUNTIVO			
	1ª Conxugación: ANDAR	2ª Conxugación: VARRER	3ª Conxugación: PARTIR
PRESENTE			
eu ti el/ela nós vós eles/elas	ande andes ande andemos andedes anden	varra varras varra varramos varrades varran	parta partas parta partamos partades partan
PRETÉRITO			
eu ti el/ela nós vós eles/elas	andase andases andase andásemos andásedes andasen	varrese varreses varrese varrésemos varrésedes varresen	partise partises partise partisemos partisedes partisen
FUTURO			
eu ti el/ela nós vós eles/elas	andar andares andar andarmos andardes andaren	varrer varreres varrer varrermos varrerdés varreren	partir partires partir partirmos partirdes partiren

INFINITIVO CONJUGADO			
eu	andar	varrer	partir
ti	andares	varrereres	partires
el/ela	andar	varrer	partir
nós	andarmos	varreremos	partirmos
vós	andardes	varrerdes	partirdes
eles/elas	andaren	varreren	partiren

IMPERATIVO			
ti	anda	varre	parte
vós	andade	varrede	parte

FORMAS NOMINAIS								
INFINITIVO			XERUNDIO			PARTICÍPIO		
andar	varrer	partir	andando	varrendo	partindo	andado	varrido	partido

Verbos semirregulares

Son aqueles que presentan algunha irregularidade ou alternancia no vocalismo do tema de presente.

ADVERTIR			
	PRESENTE INDICATIVO	PRESENTE DE SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
eu	advirto	advirta	advirte
ti	advirtes	advirtas	
el/ela	advirte	advirta	advertide
nós	advertimos	advirtamos	
vós	advertides	advirtades	
eles/elas	advirten	advirtan	

Conxúganse igual *adherir, agredir, competir, concernir, conferir, diferir, divertir, discernir, dixerir, espelir, espir, inferir, inserir, investir, inxerir, medir, pedir* (e derivados), *preferir, proferir, referir, reflectir, repetir, revestir, suxerir, transferir e vestir*.

CAER		
	PRESENTE INDICATIVO	PRESENTE DE SUBXUNTIVO
eu	caio	caia
ti	caes	caias
el/ela	cae	caia
nós	caemos	caiamos
vós	caedes	caiaades
eles/elas	caen	caian

Conxúganse igual os verbos derivados de *caer* (*decaer, recaer*) e os derivados de *traer* (*atraer, distraer...*); os verbos rematados en **-oer** como *choer, doer* (e *condoer*), *moer* (e *remoer*), *proer, roer* (e *corroer*); *oír* e derivados (*desoír, entreoír*); *saír* e derivados (*sobresaír*).

FUXIR			
	PRESENTE INDICATIVO	PRESENTE DE SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
eu	fuxo	fuxa	
ti	foxes	fuxas	fuxe
el/ela	foxe	fuxa	
nós	fuximos	fuxamos	
vós	fuxides	fuxades	fuxide
eles/elas	foxen	fuxan	

Conxúganse igual *acudir, bulir* (e *rebulir*), *cubrir* e derivados (*descubrir, encubrir, recubrir*), *cumprir* 'ser mester', *cuspir, durmir, engulir, fundir* 'render', *fuxir, lucir* e derivados (*deslucir, entrelucir, relucir, translucir, tremelucir*), *mulir, muxir, pulir, ruxir, sacudir, subir, sufrir, sumir* (e os seus derivados *consumir* e *esumir*), *tusir, ulir, urdir, xunguir, xurdir*.

SERVIR			
	PRESENTE INDICATIVO	PRESENTE DE SUBXUNTIVO	IMPERATIVO
eu	sirvo	sirva	sirve
ti	serve	sirvas	
el/ela	serve	sirva	
nós	servimos	servamos	servide
vós	servides	servades	
eles/elas	serven	servan	

Conxúganse igual *ferir*, *mentir*, *sentir* e *seguir*, e os seus derivados e compostos (*malferir*; *desmentir*; *asentir*, *consentir*, *resentir*, *conseguir*, *perseguir* e *proseguir*).

Verbos irregulares

CABER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	caibo cabe cabe cabemos cabedes cabem	cabía cabías cabía cabíamos cabiades cabía	couben coubeches coubo coubemos coubestes couberon
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	coubera couberas coubera couberamos couberades couberan	caberei caberás cabirá cabaremos caberedes caberán	cabería caberías cabería caberiamos caberiades caberían

CABER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	caiba	coubese	couber
ti	caibas	coubeses	couberes
el/ela	caiba	coubese	couber
nós	caibamos	coubésemos	coubermos
vós	caibades	coubésedes	couberdes
eles/elas	caiban	coubesen	couberen

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	caber		
ti	caberes	cabe	
el/ela	caber		caber
nós	cabermos		cabendo
vós	caberdes	cabede	cabido
eles/elas	caberen		

DAR			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	dou dás dá damos dades dan	daba dabas daba dabamos dabades daban	dei deches deu demos destes deron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	dera deras dera deramos derades deran	darei darás dará daremos daredes darán	daría darías daría daríamos dariades darían

DAR			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	dea	dese	der
ti	deas	deses	deres
el/ela	dea	dese	der
nós	deamos	désemos	dermos
vós	deades	désedes	derdes
eles/elas	dean	desen	deren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	dar		
ti	dares	dá	
el/ela	dar		dar
nós	darmos		dando
vós	dardes	dade	dado
eles/elas	daren		

DICIR			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu	digo	dicía	dixen
ti	dis	dicías	dixeches
el/ela	di	dicía	dixo
nós	dicimos	dicíamos	dixemos
vós	dicides	dicíades	dixestes
eles/elas	din	dicía	dixeron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu	dixera	direi	diría
ti	dixeras	dirás	dirías
el/ela	dixera	dirá	diría
nós	dixeramos	diremos	diríamos
vós	dixerades	diredes	diríades
eles/elas	dixeran	dirán	dirían

Conxúganse así todos os verbos derivados de dicir (*contradicir*, *desdicir* e *predicir*). Os verbos *bendicir* e *maldicir* hai tendencia a conxugalos de xeito regular, aínda que tamén é posible facelo seguindo o modelo de *dicir*.

DICIR			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	diga	dixese	dixer
ti	digas	dixeses	dixeres
el/ela	diga	dixese	dixer
nós	digamos	dixésemos	dixermos
vós	digades	dixésedes	dixerdes
eles/elas	digan	dixesen	dixeren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	dicir		
ti	dicires	di	
el/ela	dicir		dicir
nós	dicirmos		dicindo
vós	dicirdes	dicide	dito
eles/elas	diciren		

ESTAR			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	estou estás está estamos estades están	estaba estabas estaba estabamos estabades estaban	estiven estiveches estivo estivemos estivestes estiveron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	estivera estiveras estivera estiveramos estiverades estiveran	estarei estarás estará estaremos estaredes estarán	estaría estarías estaría estaríamos estariades estarían

ESTAR			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	estea	estivese	estiver
ti	esteas	estiveses	estiveres
el/ela	estea	estivese	estiver
nós	esteamos	estivésemos	estivermos
vós	esteades	estivédes	estiverdes
eles/elas	estean	estivesen	estiveren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	estar		
ti	estares	está	
el/ela	estar		estar
nós	estarmos		estando
vós	estardes	estade	estado
eles/elas	estaren		

FACER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu	fago	facía	fixen
ti	fas	facías	fixeches
el/ela	fai	facía	fixo
nós	facemos	faciamos	fixemos
vós	facedes	faciades	fixestes
eles/elas	fan	facían	fixeron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu	fixera	farei	faría
ti	fixeras	farás	farías
el/ela	fixera	fará	faría
nós	fixeramos	faremos	fariamos
vós	fixerades	faredes	fariades
eles/elas	fixeran	farán	farían

Conxúganse do mesmo xeito os seus derivados *afacer*, *desfacer*, *refacer* e *satisfacer*.

FACER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	faga	fixese	fixer
ti	fagas	fixeses	fixeres
el/ela	faga	fixese	fixer
nós	fagamos	fixésemos	fixermos
vós	fagades	fixédesdes	fixerdes
eles/elas	fagan	fixesen	fixeren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	facer		
ti	faceres	fai	
el/ela	facer		facendo
nós	facermos		feito
vós	facerdes	facede	
eles/elas	faceren		

HABER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	hei has ha habemos habedes han	había habías había habíamos habíades habían	houben houbeches houbo houbemos houbestes houberon
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	houbera houberas houbera houberamos houberades houberan	haberei haberás haberá haberemos haberedes haberán	habería haberías habería haberíamos haberiades haberían

HABER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	haxa	houbese	houber
ti	haxas	houbeses	houberes
el/ela	haxa	houbese	houber
nós	haxamos	houbésemos	houbermos
vós	haxades	houbésedes	houberdes
eles/elas	haxan	houbesen	houberen

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	haber		
ti	haberdes	hai	
el/ela	haber		haber
nós	habermos		habendo
vós	haberdes	habede	habido
eles/elas	haberem		

IR			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu	vou	íá	fun
ti	vas	íás	fuches
el/ela	vai	íá	foi
nós	imos	íamos	fomos
vós	ides	iades	fostes
eles/elas	van	ían	foron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu	fora	irei	iría
ti	foras	irás	irías
el/ela	fora	irá	iría
nós	foramos	iremos	iriamos
vós	forades	iredes	iriades
eles/elas	foran	irán	irían

IR			
MODO SUBJUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	vaia	fose	for
ti	vaias	foses	fores
el/ela	vaia	fose	for
nós	vaiamos	fósemos	formos
vós	vaiades	fósedes	fordes
eles/elas	vaian	fosen	foren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	ir		ir
ti	ires	vai	indo
el/ela	ir		ido
nós	irmos		
vós	irdes	ide	
eles/elas	iren		

OUVIR			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu	ouzo	ouvía	ouvín
ti	ouves	ouvías	ouviches
el/ela	ouve	ouvía	ouviu
nós	ouvimos	ouviamos	ouvimos
vós	ouvides	ouviades	ouvistes
eles/elas	ouven	ouvían	ouviron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu	ouvira	ouvirei	ouvirá
ti	ouviras	ouvirás	ouvirás
el/ela	ouvira	ouvirá	ouvirá
nós	ouviremos	ouviremos	ouviríamos
vós	ouvirades	ouvirades	ouviríades
eles/elas	ouviran	ouvirán	ouvirían

OUVIR			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	ouza	ouvise	ouvir
ti	ouzas	ouvises	ouvires
el/ela	ouza	ouvise	ouvir
nós	ouzamos	ouvísemos	ouvirmos
vós	ouzades	ouvísedes	ouvirdes
eles/elas	ouzan	ouvisen	ouviren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	ouvir		
ti	ouvires	ouve	
el/ela	ouvir		ouvir
nós	ouvirmos		ouvindo
vós	ouvirdes	ouvide	ouvido
eles/elas	ouviren		

PARIR			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	pairo pares pare parimos parides paren	paría parías paría pariamos pariades parían	parín pariches pariu parimos paristes pariron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	parira pariras parira pariramos parirades pariran	parirei parirás parirá pariremos pariredes parirán	pariría parirías pariría paririamos paririades parirían

PARIR			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	paira	parise	parir
ti	pairas	parises	parires
el/ela	paira	parise	parir
nós	pairamos	parisemos	parirmos
vós	pairades	parisedes	parirdes
eles/elas	pairan	parisen	pariren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	parir		
ti	parires	pare	
el/ela	parir		parir
nós	parirmos		parindo
vós	parirdes	paride	parido
eles/elas	pariren		

PODER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	podo podes pode podemos podedes poden	podía podías podía podíamos podíades podían	puiden puidiches puido puidemos puidestes puideron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	puidera puideras puidera puidéramos puidérades puidéran	poderei poderás poderá poderemos poderedes poderán	podería poderías podería poderíamos poderíades poderían

PODER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	poida poidas poida poidamos poidades poidan	puidese puideses puidese puidésemos puidésedes puidesen	puiden puideres puiden puidermos puideres puideren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu ti el/ela nós vós eles/elas	poder poderes poder podermos poderdes poderen	pode podede	poder podendo podido

POÑER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	poño pos pon poñemos poñedes poñen	poñía poñías poñía poñíamos poñiades poñían	puxen puxeches puxo puxemos puxestes puxeron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	puxera puxeras puxera puxeramos puxerades puxeran	poñerei poñerás poñerá poñeremos poñeredes poñerán	poñería poñerías poñería poñeríamos poñeríades poñerían

Conxúganse así todos os seus derivados (*antepoñer, apoñer, compoñer, contrapoñer, depoñer, descompoñer, dispoñer, expoñer, impoñer, indispoñer, opoñer, predispoñer, presupoñer, propoñer, repoñer, recompoñer, supoñer, superpoñer, traspoñer e xustapoñer*).

POÑER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	poña	puxese	puxer
ti	poñas	puxeses	puxeres
el/ela	poña	puxese	puxer
nós	poñamos	puxésemos	puxeramos
vós	poñades	puxésedes	puxerdes
eles/elas	poñan	puxesen	puxeren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	poñer		
ti	poñeres	pon	poñer
el/ela	poñer		poñendo
nós	poñeramos		posto
vós	poñerdes	poñede	
eles/elas	poñeren		

PÓR			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	poño pos pon poñemos poñedes pon	puña puñas puña puñamos puñades puñan	puxen puxeches puxo puxemos puxestes puxeron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	puxera puxeras puxera puxeramos puxerades puxeran	porei porás porá poremos poredes porán	poría porías poría poríamos poriades porían

Conxúganse así todos os seus derivados (*antepor, apor, compor, contrapor, depor, descompor, dispor, expor, impor, indispor, opor, predispor, presupor, propor, repor, recompor, supor, superpor, traspor e xustapor*).

PÓR			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	poña	puxese	puxer
ti	poñas	puxeses	puxeres
el/ela	poña	puxese	puxer
nós	poñamos	puxésemos	puxermos
vós	poñades	puxésedes	puxerdes
eles/elas	poñan	puxesen	puxeren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	pór		
ti	pores	pon	
el/ela	pór		pór
nós	pormos		pondo
vós	pordes	ponde	posto
eles/elas	poren		

PRACER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	prazo praces prace pracemos pracedes pracen	pracía pracías pracia praciamos praciades pracían	prouguen prougueches prougo prouguemos prougustes prougueron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	prouguera prougueras prouguera prougueramos prouguerades prougueran	pracerei pracerás pracerá praceremos praceredes pracerán	pracería pracerías pracería praceríamos praceriades pracerían

Os derivados *apracер*, *compracer* e *despracer* son, porén, regulares en todo o seu paradigma (*compracín*, *compracera...*).

PRACER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	praza	prouguese	prouguer
ti	prazas	prougueses	prougueses
el/ela	praza	prouguese	prouguer
nós	prazamos	prouguésemos	prouguermos
vós	prazades	prouguésedes	prouguerdes
eles/elas	prazan	prouguesen	prougueren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	pracer		
ti	praceres	prace	
el/ela	pracer		pracer
nós	pracermos		pracendo
vós	pracerdes	pracede	pracido
eles/elas	praceren		

QUERER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	quero queres quere queremos queredes queren	quería querías quería queríamos queriades querían	quixen quixeches quixo quixemos quixestes quixeron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	quixera quixeras quixera quixeramos quixerades quixeran	quererei quererás quererá quereremos quererades quererán	querería quererías querería quereríamos quereríades quererían

QUERER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	queira	quixese	quixer
ti	queiras	quixeses	quixeres
el/ela	queira	quixese	quixer
nós	queiramos	quixésemos	quixeremos
vós	queirades	quixésedes	quixerdes
eles/elas	queiran	quixesen	quixeren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	querer		
ti	quereres	quere	
el/ela	querer		querer
nós	querermos		querendo
vós	quererdes	queredes	querido
eles/elas	quereren		

SABER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	sei sabes sabe sabemos sabedes sabem	sabía sabías sabía sabíamos sabiades sabían	souben soubeches soubo soubemos soubestes souberon
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu ti el/ela nós vós eles/elas	soubera souberas soubera souberamos souberades souberan	saberei saberás saberá saberemos saberedes saberán	sabería saberías sabería saberíamos saberíades saberían

SABER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	saiba	soubese	souber
ti	saibas	soubeses	souberes
el/ela	saiba	soubese	souber
nós	saibamos	soubésemos	soubermos
vós	saibades	soubésedes	souberdes
eles/elas	saiban	soubesen	souberen

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	saber		
ti	saber	sabe	
el/ela	saber		saber
nós	saber		sabendo
vós	saberdes	sabede	sabido
eles/elas	saberdes		

SER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu	son	era	fun
ti	es	eras	fuches
el/ela	é	era	foi
nós	somos	eramos	fomos
vós	sodes	erades	fostes
eles/elas	son	eran	foron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu	fora	serei	sería
ti	foras	serás	serías
el/ela	fora	será	sería
nós	foramos	seremos	seríamos
vós	forades	seredes	seríades
eles/elas	foran	serán	serían

SER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	sexa	fose	for
ti	sexas	foses	fores
el/ela	sexa	fose	for
nós	sexamos	fósemos	formos
vós	sexades	fósedes	fordes
eles/elas	sexan	fosen	foren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	ser		
ti	seres	sé	
el/ela	ser		ser
nós	sermos		sendo
vós	serdes	sede	sido
eles/elas	seren		

TER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu	teño	tiña	tiven
ti	tes	tiñas	tiveches
el/ela	ten	tiña	tivo
nós	temos	tiñamos	tivemos
vós	tendes/tedes	tiñades	tivestes
eles/elas	teñen	tiñan	tiveron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu	tivera	terei	tería
ti	tiveras	terás	terías
el/ela	tivera	terá	tería
nós	tiveramos	teremos	teríamos
vós	tiverades	teredes	teríades
eles/elas	tiveran	terán	terían

Conxúganse igual os verbos derivados *abster, ater, conter, deter, entreter, manter, reter e soster*.

TER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	teña	tivese	tiver
ti	teñas	tiveses	tiveres
el/ela	teña	tivese	tiver
nós	teñamos	tivésemos	tivermos
vós	teñades	tivésedes	tiverdes
eles/elas	teñan	tivesen	tiveren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	ter		
ti	teres	ten	
el/ela	ter		ter
nós	termos		tendo
vós	terdes	tende/tede	tido
eles/elas	teren		

TRAER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu	traio	traía	trouxen
ti	traes	traías	trouxeches
el/ela	trae	traía	trouxo
nós	traemos	traíamos	trouxemos
vós	traedes	traíades	trouxeistes
eles/elas	traen	traían	trouxeron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu	trouxera	traerei	traería
ti	trouxeras	traerás	traerías
el/ela	trouxera	traerá	traería
nós	trouxeramos	traeremos	traeríamos
vós	trouxerades	traeredes	traeríades
eles/elas	trouxeran	traerán	traerían

Os derivados *abstraer*, *atraer*, *contraer*, *distraer*, *extraer*, *retraer* e *subtraer* son plenamente regulares (*atraeu*, *distraera*...).

TRAER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	traia	trouxese	trouyer
ti	traias	trouyeses	trouyeres
el/ela	traia	trouxese	trouyer
nós	traíamos	trouyésemos	trouyermos
vós	traíades	trouyédes	trouyerdes
eles/elas	traían	trouyesen	trouyeren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	traer		
ti	traeres	trae	
el/ela	traer		traer
nós	traermos		traendo
vós	traerdes	traede	traído
eles/elas	traeren		

VALER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu	vallo	valía	valín
ti	vales	valías	valiches
el/ela	vale	valía	valeu
nós	valemos	valíamos	valemos
vós	valedes	valiades	valestes
eles/elas	valen	valían	valeron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu	valera	valerei	valería
ti	valeras	valerás	valerías
el/ela	valera	valerá	valería
nós	valeramos	valeremos	valeríamos
vós	valerades	valeredes	valeriades
eles/elas	valeran	valerán	valerían

Conxúgase do mesmo xeito o verbo derivado *equivaler*.

VALER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	valla	valese	valer
ti	vallas	valeses	valeres
el/ela	valla	valese	valer
nós	vallamos	valésemos	valermos
vós	vallades	valésedes	valerdes
eles/elas	vallan	valesen	valeren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	valer		
ti	valeres	vale	
el/ela	valer		valer
nós	valermos		valendo
vós	valerdes	valedes	valido
eles/elas	valeren		

VER			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu	vexo	vía	vin
ti	ves	vías	viches
el/ela	ve	vía	viu
nós	vemos	viamos	vimos
vós	vedes	viades	vistes
eles/elas	ven	vían	viron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu	vira	verei	vería
ti	viras	verás	verías
el/ela	vira	verá	vería
nós	viramos	veremos	veríamos
vós	virades	veredes	veríades
eles/elas	viran	verán	verían

Conxúganse igual os verbos derivados *entrever*, *prever* e *rever*.

VER			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	vexa	vise	vir
ti	vexas	vises	vires
el/ela	vexa	vise	vir
nós	vexamos	vísemos	virmos
vós	vexades	vísedes	virdes
eles/elas	vexan	visen	viren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	ver		
ti	veres	ve	
el/ela	ver		ver
nós	vermos		vendo
vós	verdes	vede	visto
eles/elas	veren		

VIR			
MODO INDICATIVO			
	PRESENTE	COPRETÉRITO	PRETÉRITO
eu	veño	viría	vin
ti	vés	virías	viñeches
el/ela	vén	viría	veu
nós	vimos	viriamos	viñemos
vós	vindes/vides	viríades	viñestes
eles/elas	veñen	virían	viñeron
	ANTEPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO
eu	viñera	virei	viría
ti	viñeras	virás	virías
el/ela	viñera	virá	viría
nós	viñeramos	viremos	viriamos
vós	viñerades	viredes	viríades
eles/elas	viñeran	virán	virían

Conxúganse así os verbos derivados *advir*, *convir*, *contravir*, *desconvir*, *desavir*, *devir*, *intervir*, *previr*, *provir*, *reconvir* e *sobrevir*.

VIR			
MODO SUBXUNTIVO			
	PRESENTE	PRETÉRITO	FUTURO
eu	veña	viñese	viñer
ti	veñas	viñeses	viñeres
el/ela	veña	viñese	viñer
nós	veñamos	viñésemos	viñermos
vós	veñades	viñésedes	viñerdes
eles/elas	veñan	viñesen	viñeren

	INFINITIVO CONXUGADO	IMPERATIVO	FORMAS NOMINAIS
eu	vir		
ti	vires	ven	vir
el/ela	vir		vindo
nós	virmos		vido
vós	virdes	vinde/vide	
eles/elas	viren		

Perífrases verbais

Son a suma de dúas formas verbais, unha conxugada e outra non-conxugada, cuxa significación é conxunta: a forma conxugada achega aspectos modotemporais, de número, persoa, voz... e a forma auxiliada o significado léxico. En ocasións, ambas as formas poden ir ligadas por unha preposición ou conxunción.

FUTURIDADE EN XERAL	ir + infinitivo	<i>O Consello de Goberno vai aprobar un novo regulamento de bolsas</i>
	haber (de) + infinitivo	<i>Quen queira solicitar a exención de taxas ha de facelo por escrito</i>
FUTURIDADE INMEDIATA	estar para/a + infinitivo	<i>Está para saír a programación cultural da UDC para o vindeiro trimestre</i>
	querer + infinitivo	<i>Como parecía que quería chover, os encontros da liga universitaria comezaron todos con atraso</i>

INCOATIVAS (‘acción que comeza’)	comezar + infinitivo	<i>A Xunta de Persoal comezou a traballar hoxe na súa proposta de RPT</i>
	botar(se) a + infinitivo	<i>Onte mesmo botou a andar o II Ciclo de Novos Intérpretes</i>
	poñer(se) ~ pór(se) a + infinitivo	<i>A UDC puxo a funcionar un novo sistema de matriculación en liña</i>
	dar en + infinitivo	<i>O alumnado deu en suspender as clases a partir das 12.00 h en sinal de protesta</i>

<p>IMPERFECTIVAS (‘acción en proceso’)</p>	<p>estar + xerundio estar a + infinitivo</p>	<p><i>Os Servizos Informáticos están probando unha nova interface</i> <i>A alarma do centro estivo a soar toda a noite e boa parte da mañá</i></p>
	<p>andar + xerundio andar a + infinitivo</p>	<p><i>A Xerencia, a Xunta de Persoal e os sindicatos andan a lle procurar unha solución o máis satisfactoria posible ao conflito</i></p>
	<p>continuar ~ seguir + xerundio continuar ~ seguir + a infinitivo</p>	<p><i>O alumnado de intercambio continúa a ser minoría entre os solicitantes deste tipo de bolsas</i> <i>O vicerreitor continúa traballando no logro dun acordo estable</i></p>
	<p>levar + xerundio levar a + infinitivo</p>	<p><i>O alumnado leva a traballar no paso do ecuador todo o ano</i> <i>Os expertos levan avisando da crise desde o último congreso</i></p>
	<p>ir + xerundio</p>	<p><i>O número de profesores convidados foi aumentando ano tras ano</i></p>
	<p>vir + xerundio</p>	<p><i>Van diminuindo as aulas conforme aumentan os créditos prácticos</i></p>
	<p>ser a + infinitivo</p>	<p><i>Todas as reclamacións eran a incidir na mesma pregunta do exame</i></p>

PERFECTIVAS (‘acción concluída’)	acabar ~ rematar ~ terminar de + infinitivo	<i>Acábanse de publicar as puntuacións en todos os paneis informativos dos centros</i>
	levar + participio	<i>Só será admitido o alumnado que leve feito un número suficiente de prácticas</i>
	dar + participio	<i>O 46% das persoas presentadas deu superado a proba</i>
	deixar(se) de + infinitivo	<i>A oferta de cursos deixou de se anunciar ao se cubriren todas as prazas</i>
	vir de + infinitivo	<i>O Gabinete de Comunicación vén de publicar a nota de prensa informando sobre o evento na Reitoría</i>
REITERATIVAS (‘acción repetida’)	volver (a) + infinitivo	<i>Coa nova tarxeta universitaria o alumnado volverá dispor das mesmas vantaxes que coa anterior</i>
	ter + participio	<i>A adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior ten provocado no último cuadrimestre longas xuntanzas entre os membros do departamento</i>
	levar + participio	<i>O representante dos traballadores leva presentado moitas emendas e iniciativas nas distintas mesas sectoriais</i>

TERMINATIVAS (‘acción que finaliza’)	chegar a + infinitivo	<i>A ausencia dun membro do tribunal e mais do seu suplente chegou a provocar a suspensión da lectura da tese</i>
	vir (a) + infinitivo	<i>A reedición de ambos os volumes veu confirmar o interese suscitado ao redor das doenzas víricas de orixe descoñecida</i>
	acabar por + infinitivo	<i>Cando viu que non era posible o acordo o presidente acabou por suspender a reunión</i>
	acabar + xerundio	<i>A redución no número de créditos non acabou supoñendo unha diminución efectiva da carga docente</i>

HIPOTÉTICAS (‘acción probable ou hipotética’)	deber (de) + infinitivo	<i>Ás dez da mañá debía haber unhas vinte preinscricións para o curso en liña</i>
	poder + infinitivo	<i>O responsable de Sistemas advertiu que a renovación e posta a punto dos equipos pode durar máis dunha semana</i>
	haber (de) + infinitivo	<i>A distribución do material houbo de quedar suspendida ante a falta de persoas voluntarias</i>
OBRIGATIVAS (‘acción obrigatoria’)	haber que + infinitivo	<i>Hai que xustificar a modificación de crédito conforme a lei</i>
	haber (de) + infinitivo	<i>Os aspirantes han de vir provistos de DNI, lapis e goma de borrar</i>
	ter que + infinitivo	<i>O percorrido do bus universitario ten que cubrir todos os centros</i>
	deber (de) + infinitivo	<i>O persoal debe remitir a documentación solicitada na convocatoria</i>

Ao non haber tempos compostos en galego co verbo **haber**, a forma **ter + participio** non se pode facer equivaler ás formas do pretérito (*lin ≠ teño lido*).

INFINITIVO CONXUGADO

O denominado infinitivo conxugado ou flexionado é un dos trazos máis característicos da lingua galega. O seu uso pódese considerar obrigatorio nos seguintes casos:

- Cando o infinitivo ten un suxeito expreso no texto, especialmente se é diferente ao do verbo principal.

Na proba oficial resulta decisivo facerdes ben o caso práctico

- Cando o infinitivo non ten un suxeito expreso, mais está referido a un axente que non se indica.

Cómpre elaborarmos un manual de boas prácticas ambientais para os servizos reprográficos

- Cando o infinitivo vai introducido por unha preposición ou locución preposicional e ten un suxeito propio (aínda que coincida co do verbo principal):

*O tribunal mostrou o seu desacordo por non mencionares a bibliografía
Os manuais comezaron a ser distribuídos sen previamente seren corrixidos polo persoal encargado*

FUTURO DE SUBXUNTIVO

O futuro de subxuntivo é un tempo verbal moi frecuente na linguaxe xurídica e administrativa cuxo emprego convén recuperarmos e revitalizarmos, pois tendeu a ser desprazado do seu espazo polo presente e o pretérito de subxuntivo. Debe ser utilizado fundamentalmente nestes dous casos:

- En oracións que expresan unha condición ou que teñan un matiz condicional.

No caso do profesorado axudante que for doutor, para ser contratado non lle será aplicada a disposición adicional sexta Se quixeren modificar a matrícula, terano que solicitar por escrito e debidamente razoado.

- En oracións modais introducidas por **conforme** e **segundo**.

O xurado descartará novas propostas conforme se foren presentando

O infinitivo conxugado e o futuro de subxuntivo coinciden na súa forma en todos os verbos regulares e en moitos dos irregulares. Cando non é así a forma do futuro de subxuntivo está formada a partir do pretérito de indicativo (*puxen, puxeches... → puxer, puxeres...*). Para distinguilos cómpre lembrarmos que o futuro de subxuntivo vai introducido por unha conxunción e o infinitivo flexionado por unha preposición (ou depende directamente dun verbo principal).

Ao seren máis estritas as bases da convocatoria, a maioría dos opositores desistiu (infinitivo conxugado)
Se foren máis estritas as bases da convocatoria, a maioría dos opositores desistiría (futuro de subxuntivo)

XERUNDIO

O seu valor xenuíno é presentar unha acción simultánea á do seu referente.

Camiñando polo campus aínda se poden apreciar as consecuencias do concerto de antonte

Xa que logo, é incorrecto empregalo para indicar unha acción posterior.

**Hoxe farase a proba práctica quedando o exame teórico para o vindeiro luns*

Tamén é incorrecto usalo con valor especificativo para modificar un substantivo.

**A todos os presentes enviaráselles unha circular indicando a data da vindeira reunión*

As preposicións

As preposicións son palabras invariables que serven para relacionar unha unidade sintáctica calquera e o seu complemento. Canto ás locucións preposicionais, son complexos de dúas ou máis palabras que teñen os mesmos valores e funcións que as preposicións.

a	ao lado de	con respecto a	en vez de	quitado
á beira de	ao par de	conforme	encima de	quitando
a carón de	ao pé de	conforme a	encol de	respecto a
a causa de	ao redor de	consonte	enriba de	respecto de
a diferenza de	após	contra	entre	riba de
a favor	aquén de	contra de	excepto	sacado
a forza de	arredor de	de	fóra	sacando
a non ser	arriba de	de non ser	fóra de	salvante
a par de	ata	de par de	fronte a	salvo
á parte de	até	debaixo de	lonxe	segundo
a pesar de	atrás de	deica	malia	sen
a poder de	baixo	dende	mediante	senón
a por de	baixo de	dentro de	menos	so
a prol de	bardante	derredor de	no canto de	sobre
a ras de	bardante de	derrriba de	non sendo	sobre de
a rente(s) de	beira de	desde	onda	tocante a
a respecto de	cabo	despois de	para	tras
a son de	cabo de	detrás de	pé de	tras de
a través de	canda	diante de	perante	verbo de

abaixo de	canto a	durante	por	xunta
acerca de	cara a	en	por ante	xunta de
ademais de	cas	en favor de	por causa de	xunto a
agás	cas de	en fronte a	por cousa de	xunto de
agás de	cerca de	en fronte de	por culpa de	
alén de	cima de	en lugar de	por medio de	
amais de	co adaxo de	en par de	por mor de	
ante	co gallo de	en prol de	por riba de	
antes de	con	en troques de	preto de	

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS QUE CÓMPRE TERMOS EN CONTA

- **Alén de** ben é equivalente a ‘ademais de’, ben significa ‘máis alá de’, ‘na parte de alá de’.

Alén de superaren as probas teñen que preparar un par de traballos para conseguiren o aprobado

- **Após e despois de** son equivalentes.

Recibirás o teu certificado de aptitude após presentares a memoria das prácticas

- **Aquén de** significa ‘máis acá de’, ‘na parte de acá de’

A miña postura no tocante á modificación do calendario escolar está aquén da do director do centro

- **Ata/até** indica o termo ou a fin dun desprazamento ou dun proceso. Concorre con **a** e **deica** en numerosos contextos, mais debemos advertir de que esta última ten un significado máis restrinxido, pois equivale a 'de/desde aquí (momento, lugar etc.) a/até'.

*A análise DAFO non comezamos a aplicala até o curso pasado
As persoas interesadas poden telefonar ao número indicado das nove horas deica as catorce horas.*

- **Perante** ten o significado de 'en presenza de'.

A renuncia presentouna perante o responsable do departamento a que estaba adscrito

- **So** significa 'debaixo de' e o seu uso hoxe en día é fundamentalmente literario.

Cando chega o bo tempo multiplícase o estudantado deitado so as árbores do campus

Cando as preposicións **a** e **de** son o último elemento constitutivo dunha locución prepositiva continúan a contraer cos mesmos artigos e determinantes con que o fan de regra, tal e como puidemos ver nos exemplos anteriores.

Canto aos novos programas de doutoramento, podemos difundilos a través do noso web

De regra a preposición **a** non introduce o obxecto directo en galego. Agora ben, pode facelo nalgúns casos en que existe a posibilidade de confundir o obxecto directo e o suxeito, cando o obxecto directo é un pronome persoal e mais cando é un nome propio.

*Apoia suficientemente o profesorado ao estudiantado nas súas reivindicacións?
O seu titor coñéceo ben a el e sabe canto pode dar de si
Onte pola tarde vin a María dando unha volta polo campus*

A preposición **a** non debe empregarse antes dun infinitivo subordinado a un substantivo para indicar unha acción obrigatoria.

O anterior titular deseñou a liña a seguir hai trinta anos
O anterior titular deseñou a liña que se debía seguir hai trinta anos*

Non é correcto empregar a locución prepositiva **encol de** como equivalente a **sobre** ('acerca de').

*A reitora pronunciou un discurso *encol da historia da Casa do Patín na segunda parte do acto*

Os adverbios

O adverbio é unha clase de palabra invariable canto a xénero e número que pode modificar un verbo (*O alumno non aceptou a cualificación obtida*), un adxectivo (*Os resultados do convenio foron moi proveitosos*), outro adverbio (*A tese estaba moi ben estruturada*) ou mesmo unha oración enteira (*Felizmente, o conferenciante chegou a tempo*). Xunto aos adverbios simples están as denominadas locucións adverbiais, que desempeñan a súa mesma función. Segundo o significado ou a circunstancia que expresaren, pódense clasificar da seguinte maneira:

LUGAR

á beira	aí	aquén	derriba	ningures
a carón	alá	arredor	detrás	onde
a contramán	alén	arriba	diante	preto
a rente(s)	algures	atrás	embaixo	u?
abaixo	alí	avante	en fronte	velaí
acá	aló	cerca	encima	velaquí
acó	ao lado	debaixo	enriba	xalundes*
acolá	ao pé	dentro	fóra	
adiante	ao redor	derredor	lonxe	

*‘nalgún lugar’

TEMPO

a cada canto	aos poucos	de raro en raro	endoutro día	pasadomañá
a cada pouco	arestora	de tempo en tempo	enseguida	por veces
a deshora	arreo	de vez en cando	entón	pouco a pouco
a destempo	ás veces	decontado	entrementes	pouco e pouco
a diario	asemade	decontino	hogano	preto
a miúdo	atrás	decote	hoxe	pronto
a tempo	axiña	decotío	hoxe en día	seguido
acotío	cando	deica pouco	logo	sempre
agora	cedo	deica un pouco	mañá	tarde
aínda	cerca	deseguida	mentres	trasantonte
antano	daquela	deseguido	namentres	xa
antes	de alí a pouco	despois	noutrora	xacando**
antes de	de aquí a un pouco	detrás	nunca	xamais
antonte	de camiño	diante	o outro antonte	
ao outro día	de cando en cando	en diante	onte	
ao pouco	de cando en vez	en tempo	outrora	
ao raro	de momento	endexamais	para o outro día	

**‘antano, noutro tempo; por aquel momento’

MODO

a correr	a treo	ás toas	de propósito	mal
a dereitas	adrede	asemade	de repente	mellor
a eito	amodo	así	de socate	paseniño
a escape	ao cabo	ben	de socato	peor
a feito	ao chou	como	de súpeto	secasí***
á fin	ao dereito	de balde	devagar	
á mantenta	ao fin	de face	en balde	
á présa	ao xeito	de golpe	engorde	
a propósito	ás présas	de pronto	gratis	

***'así como así; de todos os xeitos; de calquera maneira'

CANTIDADE E PRECISIÓN

a medias	case	demasiado	mesmo	soamente
abondo	casemente	logo	moi	talmente
algo	dabondo	máis	moito	tan
apenas	de máis	malamente	nada	tanto
bastante	de menos	medio	por aí	xustamente
ben	de sobra	menos	pouco	xusto
canto	de todo	mesmamente	só	

AFIRMACIÓN

abofé así mesmo de certo si tamén xaora

NEGACIÓN

nin non non xa sequera tampouco

DÚBIDA

acaso poida que quizais se callar talvez
disque quizabes se cadra seica

O adverbio interrogativo **u** é equivalente a 'onde' e só se usa seguido do artigo na súa segunda forma (*U-las certificacións académicas?*) ou do pronome persoal de terceira persoa (*O meu horario, uo?*).

As conxuncións

As conxuncións serven para conectaren as unidades sintácticas. Novamente, hai conxuncións simples e as denominadas locucións conxuntivas. Do punto de vista semántico ambas se clasifican nos seguintes grupos:

COPULATIVAS

e	e mais	mais	nin
---	--------	------	-----

DISXUNTIVAS E DISTRIBUTIVAS

ben...ben	nin... nin	ou	(que)... que	volta... volta
cal... cal	ora... ora	ou... ou	quer... quer	xa... xa

ADVERSATIVAS

a menos que	bardante que*	fóra de que	ora que pero	sacado que
agás que	con todo	mais	pero	sacando que
agora ben	e iso que	menos que	porén por iso	senón
agora que	emporiso	no entanto	por iso	senón que
aínda que	en troques	non obstante	quitado que	só que
así e todo	excepto que	ora ben	quitando que	

* 'a non ser que'

CONCESIVAS

a pesar de que	así	mal que	nin que	por moito que
a pouco que	ben que	malia que	por (+adx.) que	por pouco que
aínda que	máis que	mesmo que	por máis que	

CONDICIONAIS

a menos que	bardante que	de non ser que	quitado se	salvo que
a nada que	cando	de non ser se	quitando que	salvo se
a non ser que	caso de que	en caso de que	quitando se	se
a non ser se	catar se	excepto que	sacado que	sempre que
a pouco que	con que	excepto se	sacado se	senón que
agás que	con tal de que	onda non	sacando que	
agás se	con tal que	quitado que	sacando se	

CAUSAIS

como	pois	por cousa de que	porque	visto que
como queira que	pois que	por culpa de que	posto que	xa que
dado que	por causa de que	por mor de que	que	

CONSECUTIVAS

(así) pois	de aí que	de xeito que	por conseguinte
(así) que	de forma que	entón	por tanto
conque	de maneira que	logo	tan(to)... que
daquela	de modo que	polo tanto	xa que logo

FINAIS

a fin de que	en favor de que	porque
a que	para que	que

LOCATIVAS

onde	onde queira que
------	-----------------

TEMPORAIS

aínda ben non	ata que	deica que	en tanto	namentres
antes de que	até que	dende que	entre tanto	non ben
antes que	axiña que	desde que	entrementes	(por) en canto
ao que	cada vez que	deseguida que	logo que	sempre que
apenas	cando	despois de que	mal	tan presto
asemade	cando queira que	despois que	mentres	tan pronto
así que	decontado que	en canto	mentres tanto	

MODAIS

(así) como	como se	de maneira que	segundo	tal e como
ben como	conforme	de modo que	sen que	
coma se	consonte	de xeito que	(tal) cal	
como queira que	de forma que	mal como	(tal) como	

COMPARATIVAS

ca	coma	como	que
----	------	------	-----

COMPLETIVAS

que	se
-----	----

Á hora de establecermos comparacións, estas poden ser de igualdade, de inferioridade ou de superioridade.

a) A comparación de igualdade pode presentar as seguintes estruturas:

- tan/tanto + adxectivo + como/coma + segundo termo da comparación

Este último consello de departamento durou tanto coma o anterior

- igual (de) + adxectivo + ca/que/do que

A programación cultural é igual de intensa que a de calquera outro ano

O emprego de **como/coma** é indiferente agás en dous casos moi concretos.

- **Coma** é obrigatorio diante de pronome persoal tónico.

Os alumnos da quenda de tarde non dispuxeron de tanto tempo coma vós

- **Como** é obrigatorio diante dos verbos.

O persoal devolverá cuberta a enquisa tan rápido como puiden

- **Que** e **do que** son intercambiabes en todos os casos, agás cando o segundo termo é un verbo, en cuxo caso sempre se emprega **do que**.

O convenio é igual de importante agora do que foi nun inicio

b) As comparacións de superioridade e inferioridade responden aos seguintes esquemas:

- máis + adxectivo + ca/que/do que + segundo termo da comparación
- menos + adxectivo + ca/que/do que + segundo termo da comparación

*O Servizo de Publicacións dispuxo unha nova tiraxe máis ampla que a anterior
Este ano recibimos menos alumnos foráneos que o anterior*

O emprego de **ca/que/do** que é indiferente agás en dous casos moi concretos.

- **Ca** é obrigatorio diante dun pronome persoal tónico.

Os alumnos da quenda de tarde dispuxeron de menos tempo ca vós

- **(Do) que** é obrigatorio diante dun verbo.

Houbo máis persoal docente interesado no curso do que pensabamos nun principio



Anexos

Táboa-resumo coas modificacións das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*

LÉXICO
Os substantivos <i>vocal</i> e <i>estudio</i> pasan a <i>vogal</i> ('son', 'letra', 'membro dun consello') e <i>estudo</i> ('acción de estudar'). Así mesmo, admítese o verbo <i>ouvir</i> como variante de <i>oír</i> .
ALFABETO
O nome da letra <i>q</i> pasa a ser <i>que</i> . Os nomes dos dígrafos <i>ch</i> , <i>ll</i> e <i>qu</i> pasan a ser <i>ce hache</i> , <i>ele dobre</i> e <i>que u</i> .
ACENTUACIÓN
As vogais <i>i</i> e <i>u</i> tónicas que non forman ditongo coa vogal anterior cando mediar un <i>hache</i> intercalado non levan til: <i>prohibo</i> .
SIGNOS DE INTERROGACIÓN E EXCLAMACIÓN
O seu emprego é obrigatorio ao final do enunciado e optativo ao comezo, especialmente de considerar precisa a súa presenza co fin de evitar ambigüidades e facilitar a lectura.
O APÓSTROFO
Permítese o seu emprego para representar a prosodia da lingua oral e, sobre todo, para integrar as preposicións <i>de</i> e <i>en</i> na citación de títulos ou cabeceiras de publicacións.

GRUPOS CONSONÁNTICOS	
<p>Nos grupos <i>-ct-</i> e <i>-cc-</i> suprímese a primeira consoante cando a precede a vogal <i>i</i> ou <i>u</i> (<i>confli</i>to, <i>reduc</i>ión). Só se mantén tal consoante en tecnicismos e palabras cultas de escasa frecuencia (<i>deíctico</i>, <i>dúctil</i>...).</p> <p>A primeira consoante vocaliza en <i>i</i> nos casos de <i>reitor</i> (<i>reitoría</i>, <i>reitorado</i> e <i>reitoral</i>) e <i>seita</i> (mais <i>sectario</i> e <i>sectarismo</i>).</p>	
SUFIXOS E TERMINACIÓNS	
-ancia, -encia, -iencia -uencia -cia, -cio -za, -zo	<ul style="list-style-type: none"> • Alén de <i>Galicia</i> como forma lexítima galega, tamén se considera igualmente lexítima a forma <i>Galiza</i>, por estar amplamente documentada na época medieval e ser recuperada modernamente. • Amplíase a listaxe de voces en <i>-za</i> e <i>-zo</i>: <i>diferenza</i>, <i>espazo</i>, <i>estanza</i> ('estrofa'), <i>graza</i>, <i>licenza</i>, <i>nacenza</i>, <i>novizo</i>, <i>perseveranza</i>, <i>presenza</i>, <i>querenza</i>, <i>sentenza</i>, <i>servizo</i> e <i>terzo</i>.
-ble/-bel	Ambas e dúas terminacións considéranse igual de correctas.
-eo/-eu -ao/-au	<ul style="list-style-type: none"> • Engádense <i>chapeu</i>, <i>romeu</i> e <i>xubileu</i> á relación de palabras rematadas en <i>-eu</i>. • Engádense <i>bacallau</i> e <i>pau</i> á relación de palabras rematadas en <i>-au</i>.
-us/-um	• Engádense <i>tribo</i> e <i>ímpeto</i> á relación de palabras rematadas en <i>-o</i> .
-án/-a -ano/-ana	Adoptan o esquema <i>-án/-á</i> as seguintes formas: <i>afgán</i> , <i>alazán</i> , <i>alemán</i> , <i>barregán</i> , <i>bosquimán</i> , <i>capitán</i> , <i>ermitán</i> , <i>escribán</i> , <i>gardían</i> , <i>musulmán</i> , <i>rufián</i> , <i>sancristán</i> , <i>sultán</i> e <i>truán</i> . Tamén é de norma nos xentilicios: <i>arteixán</i> , <i>arteixá</i> ; <i>muradán</i> , <i>muradá</i> ;...
-ón/-oa, -ona	<ul style="list-style-type: none"> • O esquema <i>-ón/-ona</i> queda reservado para as formacións aumentativas (<i>casona</i>) e adxectivos pexorativos (<i>lambón</i>, <i>lambona</i>; <i>mandón</i>, <i>mandona</i>). • O esquema <i>-ón/-oa</i> aparece nos restantes casos (<i>anfitrión</i>, <i>anfitroia</i>; <i>león</i>, <i>leoa</i>).
-dade/-tade	Engádense <i>puberdade</i> á relación de palabras rematadas en <i>-ade</i> .
-aría/-ería	É preferente o emprego do sufixo <i>-aría</i> , aínda que se admiten as dúas formas.

ARTIGO
<p>A denominada segunda forma do artigo pasa a ser obrigatoria só despois da preposición <i>por</i> e o adverbio <i>u</i>. Nos restantes casos é optativa.</p> <p>O encontro do artigo <i>o</i> coa preposición <i>a</i> pódese representar <i>ao</i> ou <i>ó</i>.</p> <p>Admítese a dupla representación para o encontro da conxunción comparativa <i>ca</i> e o artigo determinado (<i>ca o</i> ou <i>có</i>; <i>ca a</i> ou <i>cá</i>)</p>
PRONOMES
<p>Elimínanse <i>esto</i>, <i>eso</i> e <i>aquelo</i> como pronomes demostrativos neutros.</p> <p>Admítese o relativo posesivo <i>cuxo</i>.</p>
NUMERAIS
<p>Escríbense separadas as combinacións de numerais a partir de vinte (<i>vinte e un</i>, <i>vinte e dous</i>...).</p> <p>Elimínanse <i>triple</i> e <i>cuádruple</i>.</p>
VERBOS
<p>Prescríbese a acentuación esdrúxula para as P4 e P5 do pretérito de subxuntivo (<i>cantásemos</i>, <i>cantásedes</i>).</p>
ADVERBIOS E LOCUCIÓNS ADVERBAIS
<p>Aglutínanse <i>acotío</i>, <i>amodo</i>, <i>apenas</i>, <i>decontado</i>, <i>decontino</i>, <i>decotío</i>, <i>deseguida</i>, <i>deseguido</i>, <i>devagar</i>, <i>enseguida</i> e <i>talvez</i>.</p> <p>Engádense á lista de adverbios de lugar <i>alén</i> e <i>aquén</i>.</p> <p>Elimínase <i>alomenos</i>.</p>
PREPOSICIÓNS E LOCUCIÓNS PREPOSICIONAIS
<p>Engádense <i>a respecto de</i>, <i>alén de</i>, <i>após</i>, <i>aquén de</i>, <i>até</i> e <i>canto a</i>.</p>
CONXUNCIÓNS E LOCUCIÓNS CONXUNTIVAS
<p>Aglutínanse <i>apenas que</i>, <i>decontado que</i> e <i>deseguida que</i>.</p> <p>Elimínanse <i>anque</i>, <i>entonces</i>, <i>nembargantes</i> e <i>sen embargo</i>.</p> <p>Engádense <i>até que</i> (temporal), <i>no entanto</i> e <i>porén</i> (adversativas).</p>

Criteria lingüísticos adoptados polas tres universidades galegas

- Emprego de *ao* no canto da contracción *ó*
- Uso da segunda forma do artigo só naqueles casos en que é obrigatorio
- Uso dos sufixos *-aría* e *-ble*
- Non-contracción da conxunción comparativa *ca* cos artigos determinados
- Emprego dos signos de interrogación e exclamación só ao remate das oracións

Escolma de ligazóns de interese

<http://www.udc.es/snl>

Páxina do Servizo de Normalización Lingüística con acceso a recursos lingüísticos, glosarios, correctores ortográficos...

<http://www.xunta.es/linguagalega/>

Páxina da Secretaría Xeral de Política Lingüística con recursos, información sobre campañas, cursos Celga...

<http://www.realacademiagalega.org/volga/>

Páxina do *Vocabulario ortográfico da lingua galega da Real Academia Galega*.

<http://digalego.org/>

Dicionario de galego da editorial Ir Indo con máis de 65 000 entradas.

<http://www.recursosparaogalego.com/>

Páxina da Deputación da Coruña cunha ampla recompilación de recursos lingüísticos (dicionarios e vocabularios, lexislación, cursos e material de aprendizaxe, toponimia...) dispoñibles na rede.

<http://www.loia.org>

Portal do Consello da Cultura Galega con ampla información lingüística que vai desde a historia da lingua a nocións gramaticais, pasando pola situación sociolingüística actual.

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Normativa>

Artigo da versión galega da enciclopedia aberta Wikipedia que recolle información e mais o texto íntegro da normativa oficial da lingua galega.

Emprego non-sexista da linguaxe

A lingua non é sexista de seu; agora ben, si que pode selo o uso que fagamos dela. Neste sentido, a linguaxe sexista exclúe as mulleres, dificulta a súa identificación ou asóciaas a valoracións negativas, o seu uso é discriminatorio e parcial e impón barreiras arbitrarias e inxustas ao desenvolvemento persoal e colectivo; se somos capaces de facer un uso adecuado da nosa lingua, lograremos representar o xénero das persoas sen discriminacións e representacións nin positivas nin negativas.

Existen numerosos recursos a través dos cales podemos asegurar a equidade no trato tanto no desenvolvemento do noso labor profesional como en calidade de membros da cidadanía; entre eles destacan os seguintes:

1. O emprego de substantivos xenéricos (como “cidadanía” en lugar de *os cidadáns* ou “profesorado” en lugar de *os profesores*).
2. O uso de ambos os xéneros gramaticais (*Os alumnos e as alumnas que se interesaren polas axudas económicas deben presentar cuberto o formulario anexo; Os e as que se seleccionen deben pasar pola Secretaría antes das 14.00 h do día de mañá*).
3. As alternativas ao uso do substantivo “home(s)”, como os substantivos xenéricos “persoa” e “integrante”, os colectivos “humanidade” e “xente” ou expresións fixadas como “ser humano” (**Cando o home comezou a camiñar de pé, abriuse para el un novo mundo de posibilidades > Cando o ser humano comezou a camiñar de pé, abriuse para el un novo mundo de posibilidades*).
4. A adaptación do cargo ao xénero da persoa (*Foi a vicerreitora quen asinou este convenio no curso anterior*). No caso de que teñamos un grupo interxenérico de persoas realizando unha mesma tarefa recoméndase empregar substantivos xenéricos (*A orde veu da dirección do centro*).
5. O uso de formas impersoais de verbos e pronomes (**Recoméndase aos usuarios da tarxeta que a empreguen debidamente > Recomendase que utilice a súa tarxeta debidamente; *Aqueles que dispoñan de tarxeta universitaria deben presentala na entrada > Quen dispoña de tarxeta universitaria debe presentala na entrada*).
6. O emprego de barras (*o/a interesado/a; destinatario/a; empregado/a...*).

Referencias bibliográficas

- Álvarez, R. e X. Xove (2002): *Gramática da lingua galega* (Vigo: Editorial Galaxia)
- Feixó, X. (2004): *Gramática da lingua galega. Síntese práctica* (Vigo: Edicións Xerais de Galicia)
- Feixó, X.; Pena, X. R. e Rosales, M. (2004): *Galego Século XXI. Nova guía da lingua galega* (Vigo: Editorial Galaxia)
- Freixeiro, X. R. (2006): *Manual de gramática galega* (Vigo: Promocións Culturais Galegas/A Nosa Terra)
- González, M. e Santamarina, A. (coords.) (2004): *Vocabulario ortográfico da lingua galega* (Santiago de Compostela/A Coruña: ILG/RAG)
- González, B. (2004): *Ortografía da lingua galega* (A Coruña: Galinova Editorial)
- Hermida, C. (2004): *Gramática práctica (morfosintaxe)* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións)
- Ledo, B. (dir.) (2004): *Dicionario de galego* (Vigo: Ir Indo Edicións)
- Pena, X. A. (dir.) (2005): *Gran dicionario século 21 da lingua galega* (Vigo: Editorial Galaxia/Edicións do Cumio)
- Real Academia Galega e Instituto da Lingua Galega (2003): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Santiago de Compostela/A Coruña: ILG/RAG)

